



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

**Descrición Decreto:** Aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as selección persoal laboral fixo condutor de camión de lixo, nomeamento Tribunal cualificador e convocatoria membros Tribunal

### **DONA MARIA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA)**

Finalizado o prazo de presentación de alegacións para tomar parte no proceso selectivo de persoal laboral fixo por concurso oposición para condutor de camión de lixo, aprobado por decreto desta alcaldía núm. 29/2022 de data 26/01/2022.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local polo presente, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.**-Desestimar a alegación de data 29/03/2022 con rexistro de entrada núm. 564 presentada polo aspirante Xulio Costoya Pampin con DNI XXX1103XX segundo informe de secretaría intervención que se transcribe literalmente:

*As consideracións xurídicas a ter en conta son as seguintes:*

**PRIMEIRO.-** *O certificado de aptitude profesional, acreditativo da correspondente cualificación inicial é necesario para a conducción por vías públicas españolas de vehículos para os que resulte obrigatorio estar en posesión de permisos de conducción das categorías C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D ou D+E.*

*Para a súa obtención requírese superar un exame, antes dun ano, despois de realizar un curso de formación.*

*Segundo o disposto no artigo 3 do Real Decreto 284/2021, do 20 de abril, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada e polo que se modifica o Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres, aprobado polo Real Decreto 1211/1990, do 28 de setembro, este certificado ten unha vixencia determinada en ningún caso indefinida e só produce efectos dentro dese período, tal como se dispón nos preceptos legais que se indican a continuación:*

**“Art.3. Certificado de aptitud profesional.**

**1. El certificado de aptitud profesional acreditará que el conductor a cuyo favor haya sido expedido ha superado los cursos y exámenes exigidos para la obtención de la cualificación inicial de los conductores.**

*Este certificado carecerá de plazo de validez determinado, **si bien su vigencia quedará subordinada a que su titular siga, dentro de los plazos previstos, los cursos de formación continua pertinentes.***

*El certificado de aptitud profesional se anotará en el Registro de Empresas y Actividades de Transporte por los órganos competentes para el otorgamiento de autorizaciones habilitantes para la realización de transporte público discrecional de viajeros y mercancías por carretera, de conformidad con lo previsto en el artículo 19.*

*2. Estarán exentos de la obligación de cualificación inicial los conductores que sean titulares de los siguientes permisos de conducción:*

*a) De una de las categorías D1,D1+E, D, D+E o de un permiso reconocido como equivalente, expedido antes del 11 de septiembre de 2008.*

*b) De una de las categorías C1,C1+E, C, C+E o de un permiso reconocido como equivalente, expedido antes del 11 de septiembre de 2009.*

*Los conductores incluidos en estos supuestos que no dispongan de una tarjeta de cualificación del conductor en vigor, deberán realizar un curso de formación continua con carácter previo a su obtención.”*

#### ***“Artigo 7. Cursos de formación continua.***

*1. A formación continua, obrigatoria para todos os condutores incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto, deberá permitirles actualizar os coñecementos esenciais para o exercicio das súas funcións facendo especial fincapé na seguridade na estrada, a saúde e a seguridade no traballo e a redución do impacto ambiental da conducción. Dita formación ten por finalidade profundar e revisar algunha das materias do anexo I, letra A).*

***2. A fin de dar cumprimento á esixencia de formación continua, os condutores deberán superar un curso dunha duración de 35 horas cada cinco anos, sobre as materias que integran o programa sinalado no anexo I, letra B).*** *Devandito curso poderá realizarse en períodos descontinuos, sempre que estes impártanse por unha mesma empresa CAP autorizada, dentro dun mesmo ano natural e ningún deles teña unha duración inferior a 7 horas, que pode dividirse en dous días consecutivos. Neste suposto, cada período efectuado polo condutor deberá ser tido en conta no cómputo total da súa formación continua.*

*3. O curso de formación continua incluirá clases presenciais e formación práctica, podendo incluír, aínda que non necesariamente, formación impartida mediante vehículos, simuladores de alto nivel ou ambos.*

***4. O curso de formación continua deberá seguirse por primeira vez antes de que transcorran cinco anos desde que se obtivo o primeiro certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial, debendo repetirse a partir de entón polo menos cada cinco anos, nos termos previstos no artigo 20.***

**5. Unicamente poderán realizar os cursos de formación continua previstos neste capítulo quen previamente sexan titulares do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial e atópanse en posesión dun permiso de condución en vigor dalgunhas das categorías sinaladas no artigo 1.**

6. Os condutores que deixasen de exercer a profesión e non dispoñan dunha tarxeta de cualificación do condutor en vigor deberán seguir un curso de formación continua antes de renovala.

7. Os condutores que realicen transportes de mercadorías ou viaxeiros por estrada e completasen cursos de formación continua para unha das categorías de permisos previstas no artigo 1 estarán dispensados de seguir unha formación continua para outra das categorías de permiso de condución de vehículos previstas no devandito artigo.”

**SEGUNDO.-** Unha vez transcorrido o prazo indicado xa non desprega ningún tipo de efecto e polo tanto hai que volver a renovar de novo o citado CAP. En consecuencia, tal e como dispón o interesado recorrente, xa non se posúe ningún título xa que o obtido no pasado, como xa se indicou, xa non produce ningún tipo de efecto e polo tanto o único que procede é renovar de novo o CAP para que se active de novo a validez do mesmo.

Posto que a xuízo do que subscribe, respecto deste tipo de certificados, só cabe dúas posibilidades, ou se ten ou non se ten e unha vez transcorrido esa vixencia, o único que se ten é un título obtido válidamente no seu momento pero que a data actual non produce ningún tipo de efecto, o que implica na práctica a súa equivalencia a non posuír o antedito título e por iso procede a súa renovación de novo polo procedemento habilitado legalmente ao efecto (que pode ser máis complexo ou máis sinxelo segundo o que se dispoña na normativa de aplicación).

De todos os xeitos, a data do presente informe, transcorrido o prazo habilitado ao efecto para subsanación de instancias, non consta subsanado tal circunstancia por parte do recorrente, feito que a xuízo do funcionario que subscribe, sería unha opción posible e factible tal e como se acredita no propio expediente no caso doutros candidatos interesados no mesmo e que incurrían no mesmo defecto formal.

Polo tanto, en base a todo o exposto, e asemade tendo en conta:

- O principio reitor de igualdade dos procesos selectivos no ámbito da administración pública (posto que o resto de candidatos si que chegou e se preocupou de chegar en tempo e forma o documento obxecto de alegación, ben en fase de presentación de solicitude ou ben en fase de subsanación das mesmas tal e como queda acreditado no expediente).
- Tendo presente tamén o sentido e o espírito do requisito establecido nas bases do proceso selectivo obxecto de alegación que claramente vai na liña de ter o CAP con plena vixencia (sen necesidade de que se exprese literalmente tal circunstancia) posto que ter un título de CAP sen vixencia e sen despregar ningún tipo de efecto, como xa indicamos é igual a non ter o citado documento e tampouco ten sentido para o exercicio da praza de empregado público obxecto de selección posto que é un requisito/obriga mínima e inexcusable que hai que cumprir tal e como dispón as

propias bases de selección do proceso selectivo a último día de presentación de solicitudes ou (optando por un posicionamento interpretativo máis flexible e máis antiformalista) na fase de subsanación no seu caso, non puidendo subsanar ni dar cumprimento de ningún dos requisitos mínimos exixidos nas bases de selección baixo ningún concepto a posteriori.

### CONCLUSIÓN:

Por todo o exposto, a xuízo do funcionario que subscribe o presente informe:

- *Procede desestimar a alegación/recurso achegada polo interesado indicado por non dar cumprimento a un dos requisitos obrigatorios contemplados nas Bases do proceso selectivo.*

*Este é o meu informe que se emite sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito.*

**SEGUNDO.-**Aproba-la seguinte lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

CONDUTOR CAMIÓN DE LIXO	
APELIDOS E NOME	DNI
ADMITIDOS/AS	
ABAD COSTOYA JOSE ANTONIO	XXX8914XX
BALADO PARDO DAVID	XXX5828XX
GARCIA NOVO MANUEL	XXX8219XX
GIMENEZ MANUEL ANDRES JOSE	XXX0207XX
GONZALEZ PEREZ JOSE LUIS	XXX8252XX
MEJUTO PAREDES JESUS	XXX8576XX
PENA OTERO VICTOR XOSE	XXX4799XX
PRIETO VARELA JOSE RAMON	XXX7597XX
SEIJO SANCHEZ DAVID	XXX0823XX
VIGO CEA JAVIER	XXX0262XX
EXCLUIDOS/AS	
COSTOYA PAMPIN XULIO	XXX1103XX
	Motivo: Non acreditación requisito CAP actualizado na data de remate do prazo de presentación de instancias- base 4 apartado 9

	da convocatoria
FREIJOMIL PEREIRA JOSE AUGUSTO	XXX9192XX Motivo: Non acreditación requisitos Anexo I, DNI, Titulación esixida, Permiso conducir C e CAP actualizados na data de remate do prazo de presentación de instancias- base 4 da convocatoria.
PAMPIN FRAMIL MARCOS	XXX3647XX Motivo: Non acreditación requisitos Anexo I, CAP e Permiso conducir C actualizado na data de remate do prazo de presentación de instancias- base 4 da convocatoria.

**TERCEIRO.-** Nomear os seguintes membros do Tribunal cualificador en aplicación da base sétima da convocatoria aprobada por decreto alcaldía núm. 29/2022 de data 26/01/2022 para o proceso selectivo de persoal laboral fixo condutor de camión de lixo:

-Presidente: O encargado de servizos do Concello de Boimorto, Manuel Vázquez García.  
Suplente presidente: O condutor de paleadora desbrozadora do Concello de Boimorto, Francisco Javier Aguión Veiga.

-Vogais:

1º vogal: A axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto, Ana Mª Vallo Camba.

Suplente 1º vogal: A traballadora social do Concello de Boimorto, M.ª Esther Vidal Pandelo.

2º vogal: O encargado de obras e urbanismo do Concello de Boimorto, Luis González Guerra.

Suplente 2º vogal: O encargado de persoal de vías, obras e servizos do Concello de Ordes, Ramiro Rama Figueira.

3º vogal: O condutor do Concello de Arzúa, Jesús Rúa Taboada.

Suplente 3º vogal: O condutor do Concello de Arzúa, Jose Manuel Alamancos Pampin.

-Secretario: o do Concello ou funcionario/a que legalmente o substitúa.

**CUARTO.-** Convocar aos membros do Tribunal cualificador en aplicación da base novena da convocatoria aprobada por decreto alcaldía núm. 29/2022 de data 26/01/2022, á realización da fase de concurso para o martes día catro de maio ás 10:00 horas na casa consistorial do Concello de Boimorto.

**QUINTO.-** Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña aos efectos oportunos.

Decreto a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ